F/2024/282	17/01/2024	72,98	P1500000C	DEPUTACION PROVINCIAL	RECIBO Nº 2023/9283; ANUNCIO BOP APROBACION INICIAL EXPTE. MODIFICACION DE CRÉDITO 20/2023	2024 920 22603
F/2024/283	17/01/2024	72,82	P1500000C	DEPUTACION PROVINCIAL	RECIBO Nº 2023/9282; ANUNCIO BOP APROBACION INICIAL EXPTE. MODIFICACION DE CRÉDITO 19/2023	2024 920 22603
F/2024/286	18/01/2024	1.289,86	B15444896	LA INSTAL. SANITARIA FERNANDO PENA, S.L.	FRA Nº 310/023; SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACION CALDEIRA CALEFACCIÓN E INSTALACION SOLAR TERMICA CEIP - ANO 2023	2024 323 21200
F/2024/351	31/01/2024	132,00	G36644870	FEDERACION GALEGA DE CICLISMO	FRA Nº 0232/0000123; TASAS FEDERATIVAS II BTT CONCELLO DE BRION	2024 341 22699
F/2024/486	08/02/2024	778,09	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº 0 1392023; SERVIZO RECOLLIDA E XESTION PUNTO LIMPO CASA POR CASA - SETEMBRO 2023	2024 1621 22799
F/2024/503	12/02/2024	91,00	44845307E	LOPEZ SANCHEZ, JUAN MANUEL	FRA Nº T/3087; MATERIAIS HORTA - ESCOLA INFANTIL	2024 323 22199
TOTAL		26.991,36				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós ímonos abster, e ademais hai algunha dos contratos menores que falamos no Pleno anterior.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (5).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e BNG (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2023.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2023, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2023.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2023, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

6º) MOCIÓN.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

6.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PLANTA DE RECICLAXE DA MANCOMUNIDADE DA SERRA DA BARBANZA.

Dada conta da moción que transcrita di:

Exposición de motivos.

Xa van varios meses que o alcalde do noso concello co asesoramento dalgún alcalde veciño presiden, polo menos de forma oficial a Mancomunidad da Serra da Barbanza, tal é como era esperado, a situación lonxe de mudar non avanzou o máis mínimo polo que dende este grupo municipal propoñernos os seguintes acordos:

1. Exixir á Presidencia da Mancomunidad da Serra do Barbanza a convocatoria dunha xunta xeral e unha posterior asemblea xeral na que se renda contas e se discutan as seguintes temáticas: estado das instalacións, entrada de novos socios, pagamentos de cotas por parte dos concellos, balance económico, nova licitación, transporte dos residuos a outros vertedoiros, aprobacións das contas xerais, estado de petición e adxudicación de subvencións e outras fontes de financiamento, adaptación do modelo á nova normativa, así como as cuestións relacionadas cos antigos e futuros vertedoiros.

2. Facer un chamamento á Mancomunidad e ao goberno galego para que establezan as vías de colaboración que posibiliten o bo funcionamento da planta de reciclaxe de Servia.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que desde o Comité de Empresa se me transmitiu que desde o pouco tempo que levo fun o alcalde que máis cousas fixo na Mancomunidad, tivemos reunións incluso con Fomento en Madrid.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a moción non pon en dúbida o traballo feito, alegrámonos que se fagan todas esas reunións, pero que se convoque a asemblea que é o que di a moción, aquí non se fala do traballo do noso alcalde que non sabemos se é positivo ou negativo.

O Sr. Alcalde sinala que estamos en tempo para celebrar esa xunta e a asemblea, porque tiñamos falado os alcaldes de deixar pasar as eleccións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

6.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O EXERCICIO DE CENSURA REALIZADO POLO EQUIPO DE GOBERNO CONTRA AS ACTIVIDADES DO ENTROIDO DO CEIP PEDROUZOS.

Dada conta da moción que transcrita di:

Dende a veciñanza deste concello e dende os grupos municipais que o integramos estamos afeitos a numerosos exercicios de caciquismo, manipulación, mentira ou outros feitos realizados por este equipo de goberno. O certo, é que os feitos acontecidos o pasado venres 9 de febreiro traspasan todas as liñas do que ten que ser a liberdade de expresión e actuación por parte da veciñanza de Brión, e o que é peor por parte dunha comunidade educativa, comunidade que a integran pais, nais, profesorado e alumnado, simplemente como recordatorio para os que non o teñan claro.

Dado que o concello e a súas redes e voceiros e voceiras están afeitos a repetir as mentiras a fin de que se convertan en verdades, imos poñer cronoloxía aos feitos, de suma gravidade, acontecidos ese día en cuestión:

Varios membros do profesorado, e suliñamos PROFESORADO, dous días antes deciden facer unha copla de entroido, copla na que non opina, decide nin intervén ningunha persoa externa (familias) a este equipo docente, senón única e exclusivamente a comunidade educativa dentro dun exercicio de brincadeira, crítica e ledicia que é parte da esencia do que é un ENTROIDO. O certo é que a través das redes esa copla corre como á pólvora e chega ata algún pai/nai nada sospeitosos de ter afinidade persoal co señor alcalde e o seu equipo de goberno. O seguinte, obviamente foi comunicar de forma urxente ao concello a existencia, e polo tanto malestar desa copla. Ata aí nada grave, un simple exercicio de cambio de favores dos que estamos tan afeitos neste concello.

O grave ven a continuación, o concello a través da concelleira de educación fai a chamada do millón ao centro educativo, directamente ao seu director "instando" á retirada, antes da primeira actuación, desa copla xa que consideran os señores e señoras ilustrados deste equipo de goberno que a copla "ofende aos pais e nais", pais e nais que salvo nalgúns casos citados anteriormente non coñecemos nin a copla nin o concerto. Para despois engadir que como era posible que se fixera iso con "todo o que fai o concello por este colexio".

A modo de información, para quen non saiba ben cal foi o procedemento desta chamada ao centro, aclaramos que a chamada se fixo ANTES DO COMEZO da primeira actuación (así nolo confirmou a dirección do centro), cando nin sequera as familias tiveran acceso ao pavillón.

Na prensa e diferentes comunicados vostedes defenden que "só trasladaron o malestar de varios pais presentes". Unha vez máis minten e intentan espallar culpas, ningún pai presente puido expresar o seu malestar porque a chamada se produciu coa antelación suficiente para que non se lera, conseguindo só parte do cometido porque non contaban con que, a parte de ler a copla, tamén houbese copias dela.

Preocupados por ese malestar das familias que vostedes difunden, contactamos co centro educativo CETP de Pedrouzos onde nos confirman, dende a dirección, que non houbo ningunha queixa das familias mediante chamada telefónica ou correo electrónico, nin previa nin posterior á actuación, onde se queixen dunha copla na que se reivindicaban melloras para o centro (agás a da chamada Concelleira de Educación).

É dicir, unha vez máis, o equipo de goberno confundindo a política co touciño, e esta vez pasando varias veces a liña da ética, do sentido común e mesmo do sentido do humor que deberíamos ter todos durante un entroido e máis durante un festival escolar. Exercendo a máis pura censura de tempos pasados para que ninguén, nin que sexa a modo de brincadeira, poida censurar, criticar ou poñer en dúbida o traballo político que se fai dende o concello (que é máis ben pouco).

Ademais a ignorancia política da que presume este goberno non chega nin a entender que esa pobre copla censura en todo caso a máis dunha administración, pero os ofendidiños optan polo máis rápido, a chamada de ameaza intrínseca e da ofensa perpetua.

Non imos entrar nos comentarios feitos nas redes sociais por parte dalgún grupo político dicindo que os pais e nais se molestaron porque unha copla pedía de forma humorística melloras para a escola dos seus fillos. Obviamente toman por parvos a toda a cidadanía de Brión e persoalmente a toda a comunidade educativa. Tampouco entraremos, porque senón o faremos a través da vía legal oportuna, sobre as ocultas e non tan ocultas acusacións que se fan directamente por parte do goberno municipal e de algún/algunha cacique ao seu servizo a algún pai/nai e fillos. Polo momento non entraremos no xogo onde vostedes nos queren levar. O tema educativo pertence ao ámbito educativo (lles guste ou non) e a tema político pertence ao ámbito político. Senón estás dispostos a escoitar críticas, queixas ou mesmo suxestións, recomendamos deixen o goberno e fagan que corra a lista para que entren persoas máis cualificadas, ou cando menos con máis sentido do humor do que teñen vostedes.

Por todo o anteriormente exposto solicitamos os seguintes acordos:

1. Que o goberno municipal se posicione abertamente en contra de calquera forma de censura, coacción ou insinuación diante da comunidade educativa en xeral do noso concello e en particular do CEIP Pedrouzos.
2. Que o goberno municipal emita un comunicado pedindo perdón a toda a comunidade educativa polos feitos acontecidos o pasado 9 de febreiro.
3. Diante duns feitos que só se poden cualificar como moi graves solicitamos e exiximos a dimisión e substitución inmediata da concelleira de educación, autora da chamada acusativa a un centro educativo, aos cales máis que acusar debería axudar, colaborar e solucionar calquera deficiencia, as que saen na copla e as que non saen na copla. Consideramos que nun concello como o noso non se poden tolerar actos deste tipo por parte de ninguén pero moito menos por parte dunha persoa que forma parte da corporación.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que só di vostede unha verdade na moción, iso de que o tema educativo pertence ao ámbito educativo e o tema político ao ámbito político, pero son vostedes os que tan pronto se enteraron foron ao tema político, nin nos chamaron para informarse.

A concelleira de educación en canto recibe chamadas de pais que estaban alí queixándose da instrumentalización dos nenos por difundir unha copla claramente redactada por adultos o que fai é directamente chamar ao director e expresarlle o que eses pais senten e ela mesma como

nai que ten fillos alí; tratouse dunha chamada privada na que en ningún momento se lle pediu que retirase a copla, non houbo ningún intento de censura. Iso de deixar o tema educativo no ámbito educativo cando vostedes o levan á política, se nós non dicimos nada, deixamos que as súas mentiras se convertan en verdades, as copias da copla estaban no primeiro pase e no segundo, nas súas redes sociais dixeron que foron os alumnos de 6º de primaria os que fixeron a copla, pero agora na moción insisten en que foi o profesorado, a chamada da concelleira non foi como di vostede antes de comezar o festival senón que realizouse comezado o primeiro e o segundo pase e iso hoxe en día pode demostrarse facilmente.

A continuación fala vostede de acudir á vía legal, e teño que dicirle, que xa llo dixo o alcalde varias veces, que se teñen algunha actuación que facer pola vía legal, xa saben cal é o sitio, pero que nós cada día durmimos coa conciencia moi tranquila, e finalmente remato coa acusación máis grave, que é cuestionar a falta de cualificación das persoas que formamos parte do grupo de goberno, porque levamos tempo obviando estas faltas de respecto, habituais e sistemáticas pola súa parte, pero hoxe non o imos deixar pasar, porque se a ela a chaman como concelleira que é, e non o traslada, sería unha incompetente, e se a chaman e o traslada está facendo o seu traballo, esta é a súa labor, escoitar, dialogar e actuar, con independencia de quen sexa o que nos traslada as queixas. A prioridade é atender a Brión, a súa veciñanza, ela fixo o seu traballo como concelleira, pero ao mellor lle molesta que non o chamen a vostede, pero é que vostede é do grupo minoritario da oposición que é onde o colocaron os veciños de Brión; non xoguen á política con cada folla que se move, porque vostedes xogan á política con todo canto se lle pon por diante, pero temos que dicirle algo, en política non todo vale, nós seguiremos traballando por este pobo, e se queren axudar, serán benvidos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ao final non me respondeu, afórrense os discursos, houbo censura porque profesores lles dixeron aos alumnos que non podían facer esa copla; que a concelleira non ten que chamar para nada, agás temas educativos, que houbo unha chamada ao director dicíndolle con todo o que facemos por vos, e se chegamos a vivir en Xinzo non sei o que pasaría; nesta ocasión actuaron como auténticos caciques, e non imos dicir amén cando actúan como caciques, simplemente que pida perdón e que dimita.

O Sr. Alcalde sinala que quedou moi claro que a dirección do colexio está a traballar para o BNG porque non entendo como os chamou a vostedes, e que a concelleira é nai de rapaces nese colexio e pode actuar como nai e como concelleira e non lle vou dicir máis.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós chamamos ao colexio para confirmar, a nós non nos chamou o director.

O Sr. Alcalde sinala que eu estaba no pavillón e había coplas e collín, eu non sabía nin o que estaba a pasar e a concelleira non estaba alí.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que foi a concelleira a que chamou a instancia do Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde remata sinalando que iso non é verdade Sr. Pena.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que as eleccións foron o domingo, e nisto ímonos abster, mantermos á marxe, porque a comunidade educativa a integran pais, nais, profesores, alumnos, e que o tema da brincadeira non debeu saír de aí, se o sacamos do colexio e o tratamos aquí é politizar a educación, cousa que o BNG di que non hai que facer. Engade que a chamada a poido facer como nai, aínda que cremos que non foi acertada, cremos que o director podía ter evitado todo este lío que se montou; non debiera ter chegado a este Pleno, debía quedar en anécdota.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que que chame a concelleira é un exercicio de censura, e está mal feito.

A Sr^a. Concelleira Rey Vázquez sinala que eu teño que poder falar e comentar co director cando haxa problemas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Votos en contra: 5, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (5).

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Queda rexeitada a moción.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde sinala ao portavoz do grupo municipal do BNG que dea lectura aos seus rogos de forma conxunta, que ímolos tratar todos xuntos.

7.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG.

1. ROGO SOBRE A PROBLEMÁTICA COAS NOVAS CONSTRUCIÓNS E A ACCESIBILIDADE PARA DAR O PERMISO.

Ata nós chegou a queixa dun veciño da aldea de Brans de Arriba ao cal se lle denegou o permiso de edificación porque, segundo o concello, non hai ningún vial que chegue ata súa casa. O certo é que o concello non lle deu alternativa nin solución algunha. Visitado a lugar por nós mesmos contemplamos como hai unha pista que pasa por detrás da urbanización existente no lugar que ten canalizacións feitas polo propio concello. Solicitamos se fale co veciño, e vote a quen vote, se lle dea unha solución oportuna, e como mínimo unha resposta as súas problemáticas.

2. ROGO SOBRE OS CONTRATOS MENORES EXPOSTOS NO ANTERIOR PLENO.

No pleno do mes de decembro trouxemos o que, dende o noso punto de vista, é un uso inadecuado (polo momento ímolo definir así) de a contratación a través de contratos menores por parte do grupo de goberno. Dado que a día de hoxe non tivemos información adicional solicitamos de forma oficial, e así o faremos constar tamén a través de rexistro, un pronunciamento do persoal técnico do concello sobre a utilización destes contratos, a conveniencia, a urxencia e a imposibilidade de licitar sendo como quedou claro contratación que se ven repetindo ano tras ano. Así mesmo este grupo solicitará en próximos días toda a documentación oficial sobre gran parte destes contratos.

3. SOBRE A UTILIZACIÓN DAS PÁXINAS DO CONCELLO COMO EMPRESAS DE SELECCIÓN DE PERSOAL.

Comprobamos como ultimamente as páxinas das redes sociais do concello se converteron nunha especie de páxinas de traballo temporal para anunciar as seleccións ou procuras de persoal por parte de "determinadas empresas". Estando como estamos a favor de que o concello colabore con TODAS as poucas empresas que forman o tecido empresarial deste concello, solicitamos que por parte do concello se explique cales son os criterios para publicitar unhas si e outras non. Non queremos quedarnos coa sensación de que soamente se publicitan as empresas que teñen

vínculos persoais e directos co señor alcalde ou páxinas de persoas que integraron no seu día unha lista electoral ou outra.

As ventaxas competitivas deberán ser sempre para toda aquela empresa do concello que o solicite, para o cal entendemos que haberá que publicitar que existe esa opción e non simplemente sexa por amizade de determinados membros e "colegas" desta corporación.

4. SOBRE OS OBRADOIROS DE EMPREGO.

Seguimos falando de amizades.

Vemos ultimamente numerosas noticias compartidas entre o dúo de alcaldes de Brión e Ames sobre os obradoiros de emprego. Vendo a composición, e as fotografías destes obradoiros, e sen entrar obviamente e nomear persoalmente a ninguén solicitamos se comente neste pleno cales son os criterios para a escolla do persoal que pode realizar este curso e cal non, entendemos lendo as bases que se seguen criterios de igualdade e de promoción do emprego local, se ben vendo as fotografías creemos que os criterios son algo parecidos aos que se empregan na pregunta anterior.

5. SOBRE O CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

Despois da moción presentada neste pleno enténdese máis urxente, se cabe, a creación do consello escolar municipal, unha urxencia que este grupo leva anunciando pleno si, pleno tamén.

O certo é que no pleno de setembro do ano pasado a través dunha moción aprobada por todos os grupos, o alcalde de viva voz anunciou que se comprometía a que se constituíra antes do 31 de decembro. Xa pasaron dous meses, e unha vez máis, o concello e o señor alcalde enganou a cidadanía deste concello ademais de a toda a corporación. Sabemos que se vai culpar deste feito, á oposición, á deputación, aos veciños, aos funcionarios e a un tal swen, pero o certo é que estamos cansos de falsas promesas e o goberno municipal cumpra co pactado na moción do ano pasado sen escusas nin argumentos infantís.

6. SOBRE OS CONVENIOS NOMINATIVOS DOS ORZAMENTOS.

Como ata día de hoxe os orzamentos nin están nin se esperan, e antes de que o concello volva facer o mesmo de sempre, é dicir, outorgar as subvencións nominativas por amizade ou afinidade

política, solicitamos se teñan en conta todos os criterios legais á hora de valorar, estudar e outorgar as mesmas e por suposto se fale antes con todas as entidades e os grupos da oposición.

7. SOBRE A DOCUMENTACIÓN DOS PLENOS.

Solicitamos que o grupo de goberno faga chegar toda a documentación dos plenos e comisións aos grupos da oposición de forma dixital. En pleno ano 2024 seguemos a recibir a documentación de forma manual, o cal obriga a que os portavoces ou concelleiros teñan que dispoñer do seu tempo para desprazarse ao concello e revisar a documentación de forma manual.

8. SOBRE AS NOTICIAS NAS PÁXINAS OFICIAIS DO CONCELLO.

Na páxina do facebook do concello anunciábase o pasado día 9 de febreiro "o pleno do concello tamén validou os proxectos do plan de obras u uso de fondos para gasto corrente, neste caso cos votos favorables de PSOE e BNG, fronte á abstención do PP". Obviamente esta noticia é un erro xa que o noso grupo abstívose e o PP votou a favor. Solicitamos a modificación, así como que as páxinas de comunicación do concello se poñan a disposición da

veciñanza e non sexan para este goberno o que a TVG é para o PP. Por suposto non imos entrar na cuestión do recorte de fotos que daría para todo un pleno.

9. SOBRE PETICIÓN DE INSTALACIÓN DUNHA MARQUESIÑA E RENOVACIÓN DE PANEL INFORMATIVO DAS LIÑAS E HORARIO DE AUTOBUSES.

Cónstanos que, no pasado mes de novembro, veciñanza deste concello fixo petición por escrito, mediante rexistro (a cal, por suposto, non tivo resposta nin escrita nin oral) dunha marquesiña para a parada de autobús que está situada xusto en fronte do Hotel Balneario do Tremo. Nesa parada diariamente agardan a ser recollidas, entre outras persoas usuarias, nenos e nenas que

acoden ao IES de Brión, nenos e nenas que tanto chova como faga sol teñen que estar, a esa hora concreta, sen un teito onde abrigarse.

Tamén temos coñecemento que se leva solicitando dende fai máis de tres meses a reposición do panel informativo para consultar os horarios e rutas das diferentes liñas de autobuses, é algo moi importante xa que para moitas persoas é a única maneira de acceder a dita información, para, entre outras cousas, ter coñecemento da ruta e paradas que vai facer o transporte ao que se soben, este panel concretamente pediuse para a marquesiña que está ao carón da Capela do Tremo.

Solicitamos que coloque unha marquesiña de xeito urxente, fronte o Hotel Balneario así como a reposición do panel informativo na ubicación anteriormente mencionada.

Aproveitamos a petición a que se estenda á renovación ou reposición de ditos paneis alí onde sexa necesario.

Rematada a lectura dos rogos polo portavoz do grupo municipal do BNG, a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o 3 e o 4 serán preguntas, e dicirlle que desde hai anos hai portal de emprego no Concello e desde hai uns meses temos unha nova técnica e propuxo publicar as ofertas que chegan por orde, non hai ningún tipo de favor, se publican segundo chegan.

O Sr. Alcalde sinala que lles falta a vostedes dicir amizade co Alcalde, e respecto dos rogos que tomamos nota de todos estes rogos, algúns os estudaremos e outros non.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e oito minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González